



Novos movementos... Nova xente moza? Nova pastoral? Nova Igrexa?¹

Alberto Cano Areas, S.J. e Álvaro Lobo Arranz, S.J.

1.- Un novo auxo dos movementos eclesiais

A época posconciliar trouxo consigo un auxo excepcional dos novos movementos e das novas comunidades eclesiais. Sen dúbida, a teoloxía do laicado desenvólta durante o Concilio Vaticano II supuxo un gran estímulo para estas novas formas asociativas, algunhas delas compostas enteiramente por laicos e outras con características mixtas. Neste sentido, o decreto *Apostolicam actuositatem* (1965) –sobre o apostolado dos laicos– e a constitución pastoral *Gaudium et spes* (1965) –sobre a Igrexa no mundo actual– ofreceron unha ampla lexitimidade teolóxica para os movementos xa existentes e para os que daquela se empezaban a desenvolver. Con todo, foron os pontificados de Paulo VI e –sobre todo– de Xoán Paulo II os que impulsaron con gran intensidade o fenómeno asociativo laical. Xoán Paulo II –para moitos «o papa dos movementos»– facíase eco xa en *Redemptor hominis* (1979), a súa encíclica programática, do «dynamismo excepcional» das novas organizacións de apostolado seglar. E na súa exhortación apostólica possinodal *Christifideles laici* (1988), sobre a vocación e misión dos laicos na Igrexa e no mundo, falaba dunha «nova época asociativa dos fieis laicos» caracterizada pola súa «particular variedade e vivacidade». Así, tanto o carácter laico dos novos movementos eclesiais como o rol mesmo do laicado na Igrexa católica poden

1 O núcleo central desta reflexión apareceu inicialmente nun artigo recente publicado pola revista *Vida Nueva*: Álvaro Lobo e Alberto Cano, «Nuevos movimientos pastorales: Moda, riesgo u oportunidad?», *Vida Nueva* 3328 (2023): 21-32.

considerarse froitos principalmente da recepción dos documentos do Concilio e da consecuente teoloxía posconciliar. Máis aínda, os discursos de Xoán Paulo II no limiar do gran xubileu do ano 2000 implicaron unha gran promoción de tales asociacións.

Case vinte e cinco anos despois, a Igrexa en España asiste ao auxe dunha nova onda de movementos, maioritariamente constituídos por laicos, que suscitan ao mesmo tempo atracción e controversia. Un número importante de adolescentes e de novos adultos participan, con distinto nivel de compromiso, nas propostas pastorais e evanxelizadoras levadas a cabo por asociacións que multiplican a súa presenza e ocupan o espazo público en eventos masivos cada vez máis frecuentes. Pero mentres a uns parece que encarnan carismas espirituais de alto contido profético, outros miran o seu crecemento con sospeita e táchanos de oportunistas, problemáticos –e mesmo perversos– polas súas estratexias e a súa suposta procura do favor eclesial.

Así as cousas, as páxinas que seguen queren ser unha primeira aproximación, desde a teoloxía pastoral, aos novos movementos laicos de evanxelización que se abren camiño no seo da comunidade eclesial. Co convencemento, iso si, de que ningunha análise pode esgotar nin cernar a actividade carismática do Espírito, que infunde incesantemente os seus dons na Igrexa. Pero coa certeza, tamén, da necesidade de promover un discernimento continuo sobre o modo de levar á práctica calquera carisma espiritual.

2.- Desasosego nos círculos clásicos de pastoral

A aparición de novos movementos e estilos de evanxelización parece cuestionar tanto o que se estivo facendo até o de agora como o que moitas veces segue a facerse con afogado empeño e esforzo nalgúns espazos tradicionais de pastoral. A actividade con mozas e mozos en colexios, comunidades parroquiais, universidades e centros pastorais asociados a congregacións relixiosas clásicas dá a impresión de languidecer. E, mentres, outras propostas de máis recente aparición xorden con forza –de maneira

máis ou menos súbita— en relación con determinadas parroquias, nas redes sociais e en plataformas dixitais. Expándense de forma rechamante saltando mesmo fronteiras, continentes e mares. Nalgúns casos, ademais, estas fórmulas —que arrastran xa miles de mozos universitarios— poden alterar repentinamente as estratexias das comunidades cristiás e revolucionar os máis minuciosos plans pastorais. Porque, sen querer, rompe o delicado equilibrio que necesita cada contexto pastoral. E iso xera desasosiego.

Por iso, haberá que estar especialmente atentos para que as análises que levemos a cabo e as respostas que lancemos, non estean dominadas polo malestar, pola preocupación nin polo medo. É dicir, para que non nazan da rabia porque leven os «nós» mozos; nin do resentimento cínico porque nós non fósemos quen de dar coa tecla; nin da envexa que murmura e sospeita sobre as verdadeiras motivacións destas propostas. Tocaranos pensar un pouco máis aló para evitar a caída en polarizacións bastas que dividen o mundo entre bos e malos, puros e impuros, eles e nós. Así non vale. Necesitamos, en cambio, análise e xuízos máis matizados. Necesitamos ser serios, rigorosos e delicados cando nos referimos a certas visións e sensibilidades dentro da Igrexa. É certo que os novos movementos pastorais expoñen importantes interrogantes e tensións, como máis adiante veremos. Pero non é de recibo aplicarlles a lei do «todo ou nada».

Algo disto ocorre, por exemplo, coa cuestión do número. Hai movementos que aglutinan xa un elevado número de persoas. En ocasións é complicado saber cantos mozos moven porque os seus modos de pertenza son máis heteroxéneos e os seus estilos de participación son difíciles de catalogar. En calquera caso, que consigan mobilizar moita xente non ten por que significar automaticamente que os seus membros sexan menos profundos; ou que o seu compromiso sexa máis superficial; ou que se trate, sen máis, dunha moda pasaxeira consecuencia de estratexias máis ou menos escuras de captación. Pero do avultado das súas cifras tampouco pode derivarse acriticamente que o carisma que encarnan constituía un don espiritual perenne que non necesita dun

continuo discernimento eclesial. Noutras palabras, non parece que a cuestión do número deba erixirse como ariete argumental para analizar a actualidade e a relevancia relixiosa destes novos movementos de pastoral. Más aínda, nin a expansión numérica duns movementos nin a diminución doutros poden ser os únicos criterios para discernir a inspiración e a eclesialidade dos seus respectivos carismas.

3.- Algunhas notas características

Con independencia do que estes modos asociativos xeren en cada un de nós, o que non podemos obviar é que tocaron claves de evanxelización que, talvez, noutros contextos xa se esqueceron. E que tiveron a visión, a habilidade e a coraxe para adaptalas, con maior ou menor acerto, ao mozo de hoxe. Cales son as súas notas características? Aquí sinalamos cinco delas.

3.1. *A xente nova, protagonista*

Nos novos movementos de pastoral a xente nova adquiriu o protagonismo, polo menos até certo punto. É ela mesma quen organiza as súas actividades, xestiona os grupos, coordina as tarefas, propón, confronta, lidera. É a que xestiona as saídas, busca o aloxamento, acolle, recibe. É ela a que coordina, manexa as táboas de datos, canta, compón e mesmo produce a súa propia música. Ela é quen diseña os carteis, crea os grupos de WhatsApp, convoca, difunde, propón, anima. En resumo, fai tarefas propias da súa idade, nin máis, nin menos. Non se lle dá todo feito, senón que se responsabiliza do mesmo xeito en que o fai noutras dimensións da súa vida. E é que «namorados de Cristo, os mozos están chamados a dar testemuño do Evanxeo en todas partes, coa súa propia vida» (*Christus vivit*, 175).

Evidentemente, tal modo de funcionar é moito máis custoso, pois o pastor ten que aprender a acompañar doutra forma, require outro estilo de liderado e implica renunciar ao rol de director no que a miúdo podemos sentirnos máis cómodos. Pero, ao mesmo

tempo, permitir –e provocar– a xente nova para que sexa ela quen leve o protagonismo evanxelizador fai que a pastoral adquira un efecto exponencial. Ela chega a onde outros non chegamos, pois é quen de utilizar linguaxes e categorías culturais que a moitos de nós se escapan, de «compartir a alegría do Evanxeo» e de achegar a súa «valentía, frescura e entusiasmo» (*Christus vivit*, 177).

3.2. *Sen medo a falar de Deus*

Quen vimos de institucións cunha tradición máis longa puídemos ser, nalgúns momentos, demasiado mornos á hora de falar de Deus. Quizais por medo ao proselitismo, no seu sentido máis negativo; ou por receo a volver a épocas pasadas. En cambio, moita xente nova que participa nos novos movementos xurdidos estes últimos anos, non teñen medo a confesarse cristiáns no foro público, a escoitar cancións relixiosas, nin a comentar que van á misa –nalgunhas ocasións acotío– e que se confesan con regularidade. En non poucas ocasións proclaman, ademais, o seu interese pola teoloxía, a ensinanza do maxisterio e a tradición.

Así, de forma moitas veces natural e nada nostálgica, vólvense testemuñas do Evanxeo como camiño de vida cunha linguaxe actual, alegre, ousada e tamén provocadora. Este dinamismo é, talvez, un recordatorio da necesidade de anunciar o *kerigma*; é dicir, de confesar o acontecemento salvador de Xesús Cristo que fundamenta e despreza a nosa fe. Resulta certamente imposible transmitir o Deus da Palabra sen dicir nin unha palabra sobre Deus. Todo iso concrétese nun modo de sentirse na Igrexa onde a pertenza non se converte nunha peaxe, senón no lugar propio para vivir a fe. Un lugar de crecemento que se torna necesario e fecundo. E que, á vez, deberá puírse, consolidarse e afinarse co paso do tempo para que a experiencia eclesial sexa verdadeiramente universal e plena.

3.3. *O bo gusto pastoral*

Se revisamos as súas actividades pastorais –celebracións, retiros, concertos, oracións, sitios web, redes sociais, liturxias, encontros,

espectáculos artísticos ou eventos culturais—, podemos observar como os novos movementos saben coidar con mestría a súa dimensión estética, a súa beleza. O gusto de tales propostas —sinxelo e refinado— habitualmente non disona cos códigos culturais ou cos canons estéticos que comparte moita xente nova desta xeración. De feito, algunhas das súas expresións artísticas saltan sen dificultade do mercado exclusivamente relixioso até seren coñecidas por un público afastado da Igrexa, como ocorre por exemplo coa súa música e coa súa produción musical. Así, nun mundo no que a imaxe e o son se volveron tan importantes, e no que ao conxunto de la Igrexa cústalle tanto poñerse á vangarda cultural, os novos movementos pastorais souberon facer da beleza un lugar de evangelización e de transmisión da fe atractivo para a xente nova.

3.4. Un novo estilo de pertenza

Desde hai algúns anos, distintos fenómenos fixeron que as condicións de pertenza social cambiasen notabelmente. E, ao seu ronsel, o modo de relación e de configuración dos grupos cristiáns e das comunidades mutou tamén de forma substancial. Ante tal transformación, estes novos movementos tiveron a audacia suficiente para reconfigurar os modos de participación. Apostan por pertenzas máis lixeiras e permeábeis, que nalgúns casos son seguramente deficientes e cunha validez que teremos que cuestionar. Pero foron capaces de escoitar este mundo cambiante, no que xa non é tan fácil delimitar certas fronteiras tradicionais de participación, por exemplo, a que acontece nas parroquias. Á fin e ao cabo, a pertenza a unha comunidade non a marca só a asistencia ás reunións, a contribución coas súas cotas ou a presenza nos ritos do grupo. A marca principal de pertenza da persoa crente é a participación na vida evanxélica, a comunión entre os seus membros e a centralidade da vida pascual do Señor.

3.5. Unha sa ambición

Non foron poucos os autores —e si bastante importantes— que hai tempo intuiron que a Igrexa do noso século sería minoritaria

e estaría formada por pequenas comunidades. Pois ben, isto é xa unha realidade en moitos lugares desde hai moitos anos. É unha realidade dolorosa, sen dúbida –por que non dicilo–, sobre todo cando se tira de hemeroteca e cáese no erro crónico da comparación entre diferentes momentos, épocas e escenarios. Por iso, ao contemplala, xorden habitualmente dúas grandes tentacións: a autorreferencialidade e o conformismo. Noutras palabras, asumir implicitamente que é mellor ser poucos e coñecidos, antes ca moitos e descoñecidos. O perigo é que esta asunción enterra a vitalidade eclesial, coa súa forza evanxelizadora, tan necesaria para a vida da Igrexa. Fronte a tales tentacións, os novos movementos pastorais poden espertar unha sa ambición á hora de evanxelizar e de chegar ao máximo número posíbel de mozas e mozos. Porque son capaces de alentar horizontes de esperanza onde outros só ven escuridade e diminución.

4.- Dez insuficiencias da pastoral

Os grupos de xente nova e adulta que xurdiron nos últimos anos tocaron certas teclas que quizais falan de distraccións consolidadas desde hai tempo en estruturas con máis percorrido pastoral (por exemplo, o esquecemento da forza evanxelizadora da piedade popular, da oración ante o sagrario ou da adoración). Pero tamén nos permiten intuír o efecto dalgunhas carencias e riscos que poden converter calquera movemento nunha plataforma pastoral insuficiente. Haberá que estar especialmente atentos á comprensión que estes grupos teñen sobre o misterio humano, mesmo a aquela que parece simplemente implícita, xa que marcará profundamente as consecuencias de calquera acción pastoral. Necesitamos, pois, propostas antropolóxicas sólidas, coherentes e compatíbeis coa mirada crente á persoa. Porque non todo vale. E porque calquera actuación que ten lugar no seo da Igrexa posúe implicacións no conxunto da fe e da vida eclesial. Con este marco de referencia ofrecemos agora dez insuficiencias pastorais que, desde o noso punto de vista, presentan claros riscos evanxelizadores.

4.1. A *pastoral da bágoa*

Nunha cultura coma a nosa, sometida á ditadura das emocións, é fácil que a pastoral poña o seu foco en experiencias intensas que conecten fundamentalmente coa dimensión sentimental. Nelas latexa unha asunción máis ou menos consciente: se choran é que foi ben. Con todo, a *pastoral da bágoa* esconde varias trampas. En primeiro lugar, porque esquece dimensións centrais da nosa fe, que complementan e equilibran o ámbito do emocional. A saber: a profundidade da razón e a necesaria acción comprometida no anuncio do Reino de Deus. De modo que, se se marxinan a *ratio* e a *caritas*, daquela o relixioso pasará nalgún momento a ser irrelevante. En segundo lugar, porque o emotivo obriga á novidade constante. Isto pode ser factíbel nun primeiro momento, pero resulta tremendamente complicado construír con solidez sobre unha esixencia de creatividade que, tarde ou cedo, acaba por esgotarse. E, en terceiro lugar, porque as emocións son fugaces, exáltanse ou arrefríanse coa idade e non valen para todos por igual. Non é banal daquela lembrar que Deus está, aínda que non sempre o sintamos; que a fe non é, ante todo, para sentirse ben, senón para achegarse a Deus e facer o ben; e que o mandamento de Xesús Cristo non é sentir, senón amar.

4.2. A *pastoral do drama*

Unha característica que a miúdo se ve nas persoas que experimentaron unha conversión recente, é a tendencia a botar unha mirada inquisitorial, negativa, escura e totalizadora sobre o seu propio pasado. Coma se no de antes todo fose calamitoso, perverso e pagán; mentres que o de despois desprégase vitorioso e sen trazo desa pegada do mal que dominaba a súa existencia anterior. Sen dúbida, a chamada á conversión é necesaria e moi real. Con todo, esta polaridade aparentemente ben intencionada pode derivar nunha *pastoral do drama*. É dicir, aquela que favorece que o suxeito se recree nun pasado que é todo pecado, sen ningún matiz; e que se atrincheire nun presente implacábel dominado pola necesidade dun desagravio insaciábel que nunca se acaba de satisfacer.

Pero a economía da salvación que nos presenta o Señor Xesús, maniféstase noutras categorías que non quedan tan facilmente ao alcance do noso control, onde a graza e a misericordia son o modo característico de vulgar de Deus.

4.3. *A pastoral do reset*

Cada vez vivimos máis fragmentados. É posíbel mostrar unha cara nun ámbito particular da nosa vida e a súa contraria un momento despois. Pódese ser un modelo de traballo no terreo laboral e un tirano ao volver á casa. Encantador na parroquia e déspota en comunidade. Un profesor admirábel e un xefe que é mellor evitar. Esta fragmentación tamén aparece inevitabelmente na vida espiritual; e até certo punto é normal. Con todo, unha proposta pastoral sa debe axudar ao suxeito a unha vivencia o máis integrada posíbel da súa fe, na que os valores proclamados, a conduta actual e o obxectivo final da existencia camiñen harmonizados. Pola contra, unha *pastoral do reset* empregará varas de medir distintas para valorar o que pasa na discoteca fronte ao que ocorre na capela. Dito de forma máis crúa, este tipo de pastoral tenderá a lexitimar case calquera estilo de vida, de modo que ser cristián convértese nun recurso para branquear actitudes vitais de dubidosa coherencia evanxélica a condición de que existan momentos –xeralmente puntuais aínda que intensos– nos que se demostre unha total adhesión externa a determinadas expresións de fe.

4.4. *A pastoral do parche*

Cada movemento, do mesmo xeito que ocorre cos distintos carismas e espiritualidades cristiás, ofrece un camiño específico con acentos propios para chegar ao encontro co Pai de todos que, como di san Paulo, «está sobre todos, actúa por medio de todos e está en todos» (Ef 4, 6). Por tanto, ningunha institución particular pode converterse en algo tan absoluto que esgote o misterio de Deus. A *pastoral do parche* cae na trampa de vivir cun ollo aberto pero co outro completamente pechado. E isto ao final fai de cada grupo un espazo de «todo ou nada». É dicir, o teu grupo e a túa xente

pasan a ser o único lugar posíbel para vivir con plenitude a fe. Ou estás completamente dentro ou te atopas absolutamente fóra. Ou eles ou nós. Ou santos ou ateos. Nestas situacións convén facerse ben consciente de que o camiño de seguimento de Cristo se abre desde diversos carreiros. E que a afirmación de cada carisma non pode facerse desde o medo ao distinto que se atopa fóra, senón desde a participación que se fundamenta nunha sólida liberdade. En definitiva, unha pastoral na que o sentido de pertenza ao grupo dificulte a pertenza á Igrexa non é sa a longo prazo.

4.5. A *pastoral do embigo*

Na contorna eclesial, do mesmo xeito que ocorre noutros ámbitos da sociedade civil, a psicoloxía conta con acérrimos defensores e feroces detractores. En honra á verdade hai que recoñecer que estamos nun momento no que sería estraño non ter en conta as súas importantes achegas. Con todo, a hipertrofia da psicoloxía na vida da Igrexa tamén pode crear as súas propias pantasma. Non son infrecuentes, en determinados estilos pastorais, unha certa psicologización da vida espiritual; un exceso de actividades que poñen o seu foco principal nas dinámicas grupais; ou un predominio das reunións de fe nas que «compartir a vida» convértese no único tema a tratar. Aínda a risco de debuxar con trazo groso, podemos dicir que nesta *pastoral do embigo* fálase moito de un mesmo e moi pouco de Deus. Ás veces con termos suxestivos, atractivos e que remiten a realidades espirituais, sen dúbida. Pero, ao final, do que se fala é de un mesmo: as miñas fortalezas e as miñas debilidades, as miñas luces e as miñas sombras, o que penso e o que sinto, as miñas feridas e as miñas posibilidades. E todo isto é importante, por suposto. Pero se non se dá un paso máis, ao final todo se reduce a un raquíptico «os meus». En calquera caso, a «pastoral do embigo» xera espazos de gran intimidade entre os membros do grupo. Pero tamén pode caer nun inmanentismo carente de transcendencia, pois o de Deus parece que só ocorre no interior do individuo (nunca máis aló das súas experiencias interiores ou, como moito, das lecturas compartidas que delas fai a súa comunidade).

4.6. *A pastoral disociada*

«O froito da fe é o amor e o froito do amor é o servizo ao próximo», adoitaba dicir santa Tereixa de Calcuta. O amor ao próximo pondera a profundidade do noso amor a Deus. Pola contra, a *pastoral disociada* é aquela que dificulta unha vivencia integrada da fe. As palabras sepáranse das obras, o cal non resulta sorprendente nun mundo cada vez máis emotivo, polarizado e identitario. A fe proclamada desvincúlase do proxecto do Reino (anuncio que, en cambio, constituíu a experiencia central de Xesús). Estes estilos disociados de facer pastoral, que son cristoloxicamente deficientes, predominan en espazos nos que o grupo resulta atractivo e nos que a pertenza xera vantaxes de diversa índole aos seus membros. Formar parte «réndache», é *cool* ou sinxelamente leva. O risco viría cando a construción de carcacas culturais se limita a crear exterioridades agradábeis pero con escasa profundidade. Fronte a isto faise cada vez máis necesario fomentar procesos de crecemento capaces de integrar as distintas dimensións irrenunciábeis do ser eclesial no mundo: a caridade, o testemuño da resurrección de Xesús Cristo, a participación sacramental na liturxia viva da Igrexa, a comunión, etc. Se o Evanxeo non trae novidade á vida, se a fe non transforma para amar máis e máis, daquela quizais hai algo que non acaba de funcionar.

4.7. *A pastoral do gurú*

Moitas comunidades, movementos e congregacións relixiosas xurdiron ao longo da historia pola afouteza e a audacia dun ou uns poucos membros que souberon ver máis aló. Así, o santoral católico atópase cheo de crentes pioneiros que se botaron aos camiños e avistaron novos horizontes onde outros, en cambio, só vían crise ou desolación. Con todo, estamos nun momento diferente da historia, no que as figuras totalizadoras e omnímodas xeran certa prevención (aínda que, doutra banda, sigan sendo tremendamente sedutoras para non poucos). É certo que en ocasións fai falta que xurdan individuos concretos que, polo seu carisma persoal, se convertan en puntas de lanza e abran brecha pastoral. Pero ao mesmo

tempo resulta necesario que, en calquera novo movemento que empeza a súa andaina, se exercite un control consciente dos egos. Algúns fundadores proxectan un halo misterioso, unha sombra de segredo; pero en realidade exercen un control férreo sobre as decisións e as consciencias. Outros gurús, en cambio, practican un liderado brando, onde o control é máis sutil pero resulta igualmente daniño. Crean lazos de dependencia e identificación en aparencia suaves. Non parecen líderes, aínda que o son. Por iso a súa capacidade de manipulación pode pasar ao principio desapercibida. Sexa como for, a historia recente ensinounos que, con bastante frecuencia, os *cracks* tamén acaban facendo crac.

4.8. A *pastoral de clase*

Toda comunidade que queira vivir desde a liberdade, haberá mostrarse suficientemente aberta para acoller novos membros – pois pola contra acabará sucumbindo á endogamia– e suficientemente preparada para deixar partir a quen marche sen demasiados dramas –porque non facelo levará a funcionamentos de tipo sectorio–. Quizais un bo signo nos espazos pastorais é a heteroxeñidade entre os seus integrantes, unidos non só por categorías humanas, senón en torno ao Señor, que é quen os convoca. É aquí xustamente onde pode xurdir a tentación da *pastoral de clase*. Isto é, a creación e impulso de grupos felices de coñecerse a si mesmos pero que non logran crecer nin humana nin espiritualmente. Ou que non chegan a ter unha vivencia eclesial verdadeiramente universal e plena. Ningunha comunidade cristiá, xa sexa nova ou ben posúa un longo percorrido, pode esquecer o seu sentido profético até o punto de acabar convertida nun club social de máis ou menos éxito. O profetismo crente non ten medo a ser contracultural cando, por seguimento a Xesús Cristo, toca selo. Por tanto, a ansia dun movemento pastoral non pode ser a inxenua estabilidade do propio grupo, senón que debería construírse a partir dun dinamismo que mire á comunión e ao futuro. Só así poderá dar esperanza á Igrexa e ao mundo.

4.9. *A pastoral da dopamina*

A tiranía das emocións e a mentalidade consumista convértenos en escravos do *gústame* ou *non me gusta*. E así, un argumento de simpleza hedonista acaba guiando as nosas decisións. É a lóxica do *check* e do *like* que, aínda que activa o desexo, tamén pode derivar en certa impostura. É a canonización do impulso, a exaltación da recompensa inmediata, que se acrecenta a través das redes sociais e que devala o compromiso. Este modo de funcionar, como adictos ás recompensas, é magnífico cando todo marcha adiante de forma positiva, pero tórnase absolutamente pernicioso cando as gratificacións non chegan ou as cousas non van ben. Así que, para asegurar boas descargas pastorais de dopamina, prodúcese unha oferta constante de experiencias cristiás pracenteiras, nas que os participantes se atopen altamente estimulados. E no caso de que se acabe creando una certa tolerancia, entón o estímulo intensifícase para producir maior euforia ou benestar. A cuestión é que na experiencia de fe non é posíbel arrecantar o misterio pascual, onde a paixón e a cruz son tamén realidades imposíbeis de eludir. Isto non quere dicir que haxa que renunciar a crear espazos atractivos e agradábeis na pastoral. O que implica é que aquela non pode reducirse unicamente á vivencia de momentos máxicos e *instagrameabeis*, senón que debe asumir unha maior profundidade para axudar ás persoas para penetrarse na experiencia completa da resurrección do Señor.

4.10. *A pastoral do esquí*

Con certa sorna, algúns afeccionados aos deportes de inverno defenden que o mellor momento da xornada sucede cando quitan as botas e, por fin, as súas pernas e os seus pés poden moverse libremente ou descansar. Algo parecido ocorre coa *pastoral do esquí*. Nela as actividades –moitas veces novas e rompedoras– non son especialmente pracenteiras, senón que é xustamente a súa dureza a que crea e mantén uns vínculos fortes entre os seus participantes. Algunhas destas propostas pastorais veñen precedidas por imaxes de Deus que desdebuxan a comprensión do sacrificio. Quizais por

iso encaixan tan ben nun momento eclesial coma o noso, que ao mesmo tempo enxalza e demoniza a vontade. Ou, noutras palabras, que se debate sen demasiado tino entre os voluntarismos máis narcisistas e as preguizas máis bastas disfrazadas de vulnerabilidade. Necesitamos afastarnos de discursos falsamente espirituais que, ao final, cernan o desexo, o compromiso e a decisión. E á vez cómpre estar alerta ante pastorais que alentan voluntarismos nos que o ego parece colocarse por encima do anhelo de atoparse con Deus.

5.- Preguntas abertas a modo de conclusión

Os novos movementos eclesiais seguen dando moito que falar, non deixan a case ningún indiferente e, de cando en vez, espertan non pouca visceralidade. Ante eles podemos preguntarnos: están a forxar un novo modo de ser novo e católico?; inauguraron unha forma nova e perenne de facer pastoral?; ou máis aló: constitúen unha nova Igrexa dentro da Igrexa? Resulta certamente difícil responder pero parécenos de xustiza recoñecer dúas evidencias. A primeira é que tales movementos xeran opinións diversas en función de quen se aproxime a eles e de cal sexa a súa situación particular. Non é igual analízalos desde o receo e a dificultade para sacar adiante propostas pastorais significativas, ca facelo desde a esperanza por algo novo que parece dar froito e que pode constituír un don carismático de índole espiritual. Decatarnos de cales son as preconcepcións desde onde xulgamos estas realidades pode previrnos á hora de emitir xuízos parciais, inadecuados ou superficiais. A segunda evidencia é que os novos movementos pastorais están a tratar de achegar un gran número de homes e mulleres a Deus. Xente nova, principalmente, que doutra maneira quizais se mantería afastada de Xesús Cristo, da Igrexa e da fe. E isto non o podemos eludir.

Ao mesmo tempo, as insuficiencias pastorais estarán sempre á espreita. Ninguén somos inmune. Por iso, tres pistas poden axudarnos a andar á espreita. En primeiro lugar, convén desterrar o adanismo. É dicir, necesitamos camiñar coa humildade suficiente para recoñecer que antes de cada un de nós xa había Igrexa; e

que se hoxe recollemos algún logro pastoral é, en parte, grazas a tanta xente que anos atrás se dedicou a coidar a semente nas nosas comunidades cristiás. En segundo lugar, fai falta formación (pastoral, espiritual e teolóxica) para non facer dicir a Deus o que nós queremos oír. Por último, segue sendo imprescindible o discernimento que nos axude a recoñecer os carismas que o Espírito regala á súa Igrexa e, á vez, que nos faga o suficientemente libres e valentes como para escrutar aquilo que pode afastarnos do Evanxeo de Xesús Cristo.

Alberto Cano Areas, SJ.
Álvaro Lobo Arranz, SJ.